

EXPOSICIÓN EN VILALBA

A LINGUA DO FUTURO / O FUTURO DA LINGUA

ALBA DÍAZ

DO 3 DE OUTUBRO AO 1 DE NOVENBRO DE 2026
NO ESPAZO CHOUZANA, AO CARÓN DO PALCO DA MÚSICA



—A —O
LIN FU
GUA TU
DO FU RO DA
TU LIN
RO— GUA—

Alba Díaz

Unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego nunha situación de emerxencia lingüística.

Exposición: 3 de outubro ao 1 de novembro
Praza da Constitución, Vilalba



O IESCHA organiza a **EXPOSICIÓN “A LINGUA DO FUTURO / O FUTURO DA LINGUA”**, de ALBA DÍAZ, unha aproximación fotográfica ás faces da infancia e a rapazada que falan e viven en galego nunha situación de emerxencia lingüística.

A exposición, promovida pola **Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo** e a **Rede Museística Provincial**, poderase visitar dende o **3 de outubro ata o 1 de novembro de 2026, no espazo A CHOUZANA, ao carón do Palco da Música de Vilalba.**

“A exposición fotográfica de **Alba Díaz “A lingua do futuro / O futuro da lingua”** é unha iniciativa para reflexionar sobre a realidade sociolingüística de Galicia a través da creación visual. Este proxecto fotográfico ponlle rostro a unha xeración de nenas, nenos e adolescentes galegos que medraron nun contexto de deterioro da lingua do país, o que derivou nunha situación de emerxencia lingüística. Malia terse criado baixo a vixencia do Decreto de Plurilingüismo no sistema educativo dende o ano 2010, as persoas retratadas manteñen o galego como a súa lingua

materna e de uso maioritario, converténdose en protagonistas dunha resistencia cultural esencial.

A proposta articúlase de xeito orgánico mediante o uso do retrato fotográfico en branco e negro, que se funde co simbolismo de destacadas figuras da nosa música e literatura. A estética da mostra integra tamén palabras que nomean os afectos e a natureza propia do noso país, establecendo un paralelismo entre a perda do idioma e ausencia da chuvia, fenómenos, en definitiva, que alteran a nosa esencia. Esta procura dos trazos elementais da identidade reivindica o respecto á diversidade e defende o galego como unha ferramenta imprescindible para vivir e nomear a nosa experiencia do mundo.”